COMO DETECTAR NOTICIAS FALSAS

Enderezo URL da páxina: debemos fixarnos no dominio. Ás veces agochan un pequeno cambio de caracteres co obxectivo de inserir contido falso.

Deseño da páxina: o aspecto da páxina é a forma máis habitual de detectar nun primeiro vistazo un portal de noticias falsas. Erros ortográficos, fotografías de baixa calidade, publicidade enganosa etc. son os primeiros signos para desconfiarmos.

Titulares: pensados para atrer aínda máis a nosa curiosidade. Características principais: conteñen moitos signos de interrogación e de exclamación, os titulares esaxeran os feitos, ocultan as fontes oficiais, teñen gran aceptación nas redes sociais.

Contido das noticias: unha vez lida a noticia temos que comprobar os datos, a data, a visibilidade da identidade do autor e a fonte, que é o aspecto primordial. As fontes utilizadas para a produción da información deben ser sempre oficiais.

Diferenciar o tipo de medio: en Internet é moi común confundir noticias falsas con contido satírico creado con fin de xerar opinión nas persoas; como consumidores de información é importante saber identificar aqueles medios ou persoas especialistas na produción desta clase de información.